

Maria, *la guerrillera*, foi condecorada por Fidel Castro coa orde Ana Betancourt, máxima distinción para quen fora loitadora até o fin. Tirar do fio da entrevista que Xosé Neira Vilas lle fai en *Guerrilleiros* significa atoparse cunha biografía combativa que comeza nas reivindicacións laborais para as mulleres das fábricas de conservas de Vigo nos anos trinta e remata co seu inquebrantábel compromiso coa revolución cubana. Dora Carcaño, a súa filla, convivió con ela na militancia comunista e, na súa primeira visita a Vigo desde que marchara de pequena, atópase de novo coa historia galega da nai, aquela que a levou a fuxir do país perseguida polo fascismo.

A lembranza inicial vai para aqueles primeiros zapatos e a nova boneca que a acompañaron na travesía a Cuba no *Marqués de Comillas*. Antes queda outra imaxe moito máis difuminada, a visita que lle fai a María Arauxo no cárcere. "O cónsul cubano axudou a que saíra da cadea pero tamén lle dixo que non podía garantir a súa vida. Recomendoulle que marchara e así o fixo. Utilizou os papeis dunha irmá cubana e salvou a vida" conta Dora, despois de relatar como o aviso do irmán fixo que non embarcaran no sinistrado bou *Eva*.

María Arauxo estaba abondo significada como para pasar desapercibida á represión fascista. Ela e o seu compañeiro, Anxo Carcaño, eran activos sindicalistas e militantes comunistas. Despois de Xullo de 1936, María Arauxo pasa á clandestinidade e participa na guerrilla antifascista para se converter logo nunha hábil enlace dos fuxidos. María é encarcerada e, unha vez libre, réunese en Vigo cos seus fillos sen esquecer a vontade de continuar no activismo contra a ditadura. "A vida era moi inestábel, moi insegura. Viviamos nunha casa de hóspedes. Mamá chegaba da lonxa de vender peixe e eu, que era moi cativa, púñalle tixolos quentes con xornais para que quentase os pés" lembra Dora Carcaño. Volven prender a María no Berbés e é entón cando a fuxida se apresenta con urxencia e Cuba é o acaído lugar de destino, terra coñecida onde emigrara de nena cos seus pais.

"Fíxenme revolucionaria escoitando a historia participativa de mamá. Cando chega á illa milita no Partido Marxista Cubano, do que é fundadora, e logo traballa activamente nos Comités de Defensa da Revolución. As dúas criamos a Federación de Mulleres Cubana. En Casablanca, onde imos vivir, María era moi dinámica nas milicias revolucionarias, tiña recoñecimento, de feito cando a ditadura batistiana intentaron detela en varias ocasións pero foi protexida polos propios veciños do barrio" conta a filla, mentras repite a adicación de María "ao partido, que se reunía na casa, e ao proceso revolucionario".

"No Partido Comunista Cubano verte toda a ansia de loita que na Galiza non podía ter. A revolución significou lograr o que non podo conseguir aquí. Así foi que ela participou en manifestacións contra Batista, nos xuízos cando prendían a revolucioná-

Fálanos da súa nai, María 'la guerrillera'

Dora Carcaño

'Continuou en Cuba a loita que comezara na Galiza'

⇨ CARME VIDAL

CANDO PARTIU PARA CUBA, CON 8 ANOS, AS AMIGAS DA NAI REGALÁRONLLE OS SEUS PRIMEIROS ZAPATOS. DORA CARCAÑO MARCHA DE CATIVA COA SUA NAI, MARIA ARAUXO, SINDICALISTA NAS CONSERVEIRAS DE VIGO, GUERRILLEIRA, MILITANTE COMUNISTA E EXILADA EN CUBA, ONDE SE COMPROMETE CO TRUNFO DA REVOLUCIÓN. VOLVE AGORA POR VEZ PRIMEIRA A GALIZA, DESDE QUE PARTIRA EN 1944, PARA PARTICIPAR NOS ENCONTROS *MULLER E RETORNO* ORGANIZADOS POLA C.I.G.-EMIGRACIÓN. DORA CARCAÑO PERTENCEU AO COMITÉ CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA CUBANO E NESTES MOMENTOS É A COORDENADORA XERAL PARA AMÉRICA LATINA DA FEDERACIÓN DEMOCRÁTICA INTERNACIONAL DE MULLERES.



A.N.T.

rios, vendía bonos, recollía sinaturas... era unha activista apaixonada". O retrato que Dora Carcaño elabora da nai marca o perfil dunha muller que viviu a súa militancia de forma intensa.

"Ante Girón ela sae a rua cun fusil e neutraliza unha ofensiva contra a revolución metendo a todos os opositores nun círculo social. Despois de ter todo controlado, deixounos libres" conta,

como un episodio máis da María miliciana.

A propia María Arauxo resumíralle a Neira Vilas a súa vida da mesma maneira que agora

repite a filla: "Loitei en Cuba desde moi nova; loitei logo na Galiza, e na derradeira gañou Franco, e volver a Cuba, loitar e triunfar, e que o triunfo se convirte neste proceso radical que é un exemplo para América e para o mundo é o mellor premio, o galardón máis querido. E por elo sinto a miña vida enteira xustificada"

Mulleres e participación política

"María defendía que as mulleres tiñan que ser independentes, que deran un paso á fronte diante dos problemas. Igual que loitara nas conserveiras por unha lei da maternidade logo tamén continuou levando á revolución os dereitos das mulleres". Con María funda Dora Carcaño a Federación de Mulleres Cubanas no 1960 da que sería secretaria xeral até 1990, pertencendo tamén ao Comité Central do Partido Comunista durante tres mandados. "En Cuba o 63% dos postos técnicos están ocupados por mulleres. Son tamén o 20% dos científicos. En política ocupan o 28% dos postos parlamentares e o 16% dos cargos do Comité Central. A partir das campañas de alfabetización van mudando os patróns culturais, antes era un povo machista cunha estrutura patriarcal que a revolución mudou" afirma Dora Carcaño.

Desde o seu cargo de coordinadora xeral para América Latina da Federación Democrática Internacional de Mulleres, Dora Carcaño coñece a situación das mulleres da zona e confirma a feminización da pobreza. "O impacto da crise neoliberal é forte e a pobreza na miña rexión bateu con intensidade. Non é difícil ver como a pobreza se feminizou. Hai diferencias. En Cuba a cociña, aínda que con dificultades, préndese todos os días. Noutros países, non. En países como Bolívia ou Peru estase dando un recorte nos servizos sociais de saúde ou educación e as mortes por aborto clandestino son enormes. Tamén as mulleres son vítimas da violencia e as que máis sofren a crise e os conflitos. En Cuba o aborto é legal e gratuito, unha muller preñada ten nove consultas por media e tivemos a mortalidade infantil máis baixa, o 6,2, que a situa entre os 22 países desenvolvidos" explica Dora Carcaño.

Rexeita tamén a idea de que en Cuba se esté a dar un turismo sexual organizado: "Cando Cuba se abriu ao turismo sabiamos que tiñamos riscos pero era necesario correlos porque se trataba dunha entrada importante para o país en momentos nos que o bloqueio se recrudecía. Nun primeiro momento prexudicou a propaganda con mulleres seminuas, criou ese ambiente no exterior. A prostitución eliminárase e xurdiu outra nova, as chamadas *jineteras*, que non tiña que ver coa anterior, son as rapazas ao pé dos hoteis. Deuse idea de que había unha grande prostitución cando en realidade non o era. De todas maneiras, quizais non atendimos eses riscos con premura. Houbo axencias do exterior que explotaron ese turismo pero, cando nos dimos conta, actuamos e modificamos toda a propaganda". ♦